

RESOLUCIÓN reitoral do 24 de abril de 2025 pola que se resolve a convocatoria de axudas para organizar cursos de extensión da Universidade de Vigo no ano 2025 no Campus de Vigo

De acordo coas bases da resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025 pola que se convocan as axudas para organizar cursos de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no ano 2025, e visto o acordo da comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes de 23 de abril de 2025, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

Aprobar a publicación da relación definitiva de solicitudes concedidas para a organización de cursos de extensión no ano 2025 no campus de Vigo, con indicación do importe da contribución desta universidade (Anexo).

A realización do curso *Patrimonio natural e cultural do Bierzo (XII): ciencia para todas as idades*, queda condicionada á sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de León con carácter previo á apertura do prazo de inscricións.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo



Anexo

Solicitudes concedidas para organizar cursos de extensión da Universidade de Vigo no ano 2025

Nome e Apellidos	Curso de Extensión proposto	Contribución da Universidade de Vigo
Alberto Abal Silva	Iniciación á arte 3D	2.898,00€
Inmaculada C. Báez Montero	Lendo con mirada feminista: unha aproximación á crítica e teoría literaria feminista	1.324,00€
Maria Sol Bravo Amaro	Enfrontarse as urxencias cardiovasculares dende ámbito clínico e tecnolóxico	3.118,00€
Guillermo Calvo Hermo	Fai o teu propio satélite	3.928,00€
Luís Fernández Couñago	Git e GitHub: Control de versións e colaboracións en desenvolvemento de software	904,80€
Josefina Garrido González	* Patrimonio natural e cultural do Bierzo (XIII): cara ó futuro coa (con)ciencia	3.642,58€
Iria Vázquez López	Laboratorio dos sentidos II	3.460,00€

* A súa realización queda condicionada á sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de León previa a apertura do prazo de inscricións.

